



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 7 de xaneiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 7 de xaneiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/01/2019, que se aprobou por unanimidade.

## **Propostas**

### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

#### **PRP2019/121**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 7 de xaneiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 7 de xaneiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

#### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR CUMPRE	CIF	PROPOSTA A DATA	XGL
<b>APROBAR</b>			
ARELAR XESTION SOCIOEDUCATIVA, S.L.	B70252945	5.674,90 € 07/01/2019	Sí
AYCO INTERNET, S.L.	B36824480	6.981,70 € 07/01/2019	Sí
CENTRO POLIVALENTE ANA M. PARADA, S.L.	B94106556	10.080,00 € 07/01/2019	Sí
IMATIA INNOVATION, S.L.	B36499960	8.784,60 € 07/01/2019	Sí
OFTEFOR, C.B.	E36418283	4.500,00 € 07/01/2019	Sí
SERV. TEC. INTEG. NOROESTE, S.L.	B36296440	1.250,00 € 07/01/2019	Sí
WOLTERS KLUWER ESPAÑA S.A.	A58417346	7.993,20 € 07/01/2019	Sí
WURTH. S.L.	B15326036	2.605,64 € 07/01/2019	Sí



b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/4**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Mónica Monteagudo Mouriño, en representación do **CEIP A LOMBA**, solicitando o aumento de dúas prazas máis de aparcamento reservado para o profesorado do Centro.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que enfronte do CEIP Anexo A Lomba existen doce prazas de estacionamento (en batería), das que tres están reservadas a mestres do centro, segundo petición feita no seu día, para os desprazados dende A Lomba. Tralo seguimento feito, constátase que hai turismos que estacionan a primeira hora e se manteñen ata rematado o horario escolar, polo que non se cumpre a finalidade solicitada. Ademais, actualmente, nas inmediacións de dito centro habilitouse un estacionamento con capacidade suficiente para dar cabida a ditos vehículos, polo que non se xustificaría a ampliación de dita reserva.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado, de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

#### **PRP2019/5**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de subscrición das seguintes aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web contratadas coa empresa **Wolters Kluwer España, S.A.** para o ano 2019, por importe de 7.993,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22001:

1. BB.DD. A Lei Dixital, 4 usuarios concorrentes.
2. BB.DD. O Consultor dos Concellos Plus, 4 usuarios concorrentes.
3. BB.DD. O Consultor Facendas Locais, 4 usuarios concorrentes.
4. BB.DD. O Consultor Licenzas Municipais, 4 usuarios concorrentes.
5. BB.DD. O Consultor contratación Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
6. BB.DD. Cissonline Atlas Laboral, 4 usuarios concorrentes.
7. BB.DD. A Lei Dixital Doutrina Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
8. BB.DD. O Consultor "Al Dia", 4 usuarios concorrentes.

Plataforma SMARTECA, formada por

9. Revista On-line Actualidade Administrativa, 15 licenzas individuais.
10. Revista On-line O Consultor dos Concellos, 15 licenzas.
11. Revista On-line Contratación Práctica Administrativa, 15 licenzas.
12. Revista On-line Práctica Urbanística, 15 licenzas.
13. Libro dixital "Todo Social", 15 licenzas
14. Libo dixital Todo Haciendas Locales, 15 licenzas.

Subscricións en formato papel:

15. O Consultor dos Concellos.

Ademais están en funcionamento os seguintes servizos:

1. Unha web personalizada para consulta de todos os produtos anteriores que se integrará no sistema informático municipal.
2. Formación on-line gratuíta sen límite de cursos.
3. Personalización das revistas mediante o programa SMARTECA, 15 licencias para cada revista.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal."



#### **PRP2019/6**

Vista a proposta do enxeñeiro informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes servizos e aplicacións informáticas para o ano 2019 coa empresa **Ayco Internet S.L.**, por un importe total de 6.981,70 € con cargo á partida 9201.22706, coa seguinte desagregación:

- Aloxamento e xestión da web corporativa, por un importe anual de 1.452,00 € (IVE incluído)
- Aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com, e o servizo de envío de grandes ficheiros e a súa renovación por un importe anual de 2.680,15 € (IVE incluído)
- Servizo de limpeza antiVirus e antSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor, por un importe anual de 701,80 € (IVE incluído).
- Sistema Bdoutlook, por un prezo anual de 574,75 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/7**

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** un servizo de desprazamento e reparación, in situ, das wifi dos edificios municipais para o ano 2019, por un prezo de 50 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, para cada actuación, incluíndo o prezo o desprazamento e man de obra para cada centro que presente unha avaría. O número de intervencións previstas para o presente ano estímase en 25, establecéndose un importe estimado de 1.250,00 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/8**

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Imatia Innovation, S.L.** para soporte e mantemento da aplicación informática Civas e e-GOV e Civas Inventario, que inclúe 30 horas de asistencia técnica para o ano 2019, por un importe total de 8.784,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/9**

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **WURTH, S.L.**, para o mantemento e soporte da aplicación WINTASK Padrón e GALI-Padrón para o ano 2019, por un importe total de 2.605,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

#### **PRP2019/18**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 3.000,00 € ao abeiro do Plan Concellos 2019 – Liña 2 (publicada no BOP nº 242 de 18 de decembro de 2018), para o Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Prevención do Ciberacoso e bó uso da TIC’S-Teatro Foro”.
- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: Prevención do Ciberacoso e bó uso das TIC’S-Teatro Foro, cun orzamento total de 5.674,90 € (IVE incluído).
  - Contía solicitada: 3.000,00 €
  - Aportación do Concello 2.674,90 €

Partida orzamentaria 231.22643.

#### **PRP2019/19**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado e a adxudicación a favor de **Arelar Xestión Socioeducativa SL** do contrato menor para a dinamización e posta en marcha de 3 teatro foro nos IES Fermín Bouza Brey, IES Miguel Angel González Estévez e IES Armando Cotarelo Valledor, dentro do Proxecto “Prevención do Ciberacoso e o bo uso da Tic`s”, a desenvolver de xaneiro a maio de 2019, por un importe total de 5.674,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22643 (POS19 N° 01/01/19).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/20**

Vista a proposta do Director da Escola de Música e do Concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das Bases Reguladoras e a Convocatoria do Plan Concellos 2019 (Liñas 2 e 3, Procedemento Sia 1278741), publicadas no BOP nº 242 do 18 de decembro de 2018, para o programa **Gasto Corrente Novo: Limpeza da Escola Municipal de Música por un importe de 9.500,00 €:Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes**, dentro da Liña 2.
- Aprobar a memoria descriptiva e valorada do gasto corrente novo: Limpeza Escola Municipal de Música Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2019) base 8ª.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2019/22**



A proposta da Concelleira de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda expresar o seu agradecemento ás seguintes persoas ou entidades polo seu patrocinio e colaboración nos actos desenvolvidos durante a “XX edición da Festa da toma das uvas” o día 31 de decembro de 2018:

#### **PATROCINADORES**

- Delegación de Gadisa en Betanzos.
- Dona M<sup>a</sup> Teresa Mejuto Rial, encargada e representante de La Metro.
- Asociación Hosteleiros Vilagarcía AHITUVI.
- Pirotecnia Penide
- Corporación Peñasanta (Larsa)
- Zona Aberta

#### **COLABORADORES**

- Agrupación de voluntarios/as de Protección Civil Vilagarcía.
- Asociación Arousa Moza
- Academia Elisa
- SIF (Servizos Integrais de Formación)

#### **PRP2019/23**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019- Liña 2 (publicadas no BOP 242, de 18 de decembro de 2018), para o programa **Campamento Urbano Medioambiental 2019**, polo 100% do orzamento da actividade, que ascende a 4.500 € (IVE engadido), que se realizará en dúas quendas, unha para mozos e mozas de 8 a 11 anos e outra para mozos e mozas de 12, a 16 anos, a realizar entre o 8 e o 21 de xullo de 2019.
- Aprobar a memoria explicativa do programa “Campamento Urbano Medioambiental 2019”.

#### **PRP2019/24**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Oftefor Oficina Técnica Forestal** o contrato menor para o desenvolvemento de dous Campamentos Urbanos Medioambientais, dirixidos a mozos e mozas de 8 a 16 anos e que se levarán a cabo do 8 ao 21 de xullo de 2019, en dúas quendas de 7 días cada unha, por un importe total de 4.500,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (POS19 (3) N° 01/03/19)

### **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

#### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2019/26**

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Centro Polivalente Ana M<sup>a</sup> Parada** o contrato menor para o desenvolvemento do Programa “ACTIVATE”, consistente en catro obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores, a desenvolver en dúas quendas ao longo do ano (a primeira entre os meses de febreiro a xuño e a segunda entre os meses de setembro a decembro de 2019, por un importe total de 10.080,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2313.22634 (POS19 (3) N° 01/04/19).

Acórdase así mesmo aprobar as bases e o prazo de inscrición da primeira quenda.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## ASUNTOS DE CULTURA

### PRP2019/27

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación do convenio con AGADIC de programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2019: Programación, con un importe a asumir polo Concello de 7.275,60 €, con cargo á partida 334.22609. Coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	IMPORTE AGADIC	IMPORTE CONCELLO
Contraproducións SL	A Compañeira de Piso	1.180,00 €	1.180,00 €
A Panadaría	Elisa e Marcela	1.230,00 €	1.230,00 €
Fran Sieira – Compañía de Danza	Entre Soños	3.382,40 €	1.449,60 €
Cayetano Lledó	Sherlok Holmes	1.450,00 €	1.450,00 €
Butacazero	Camiños	1.966,00 €	1.966,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>9.208,40 €</b>	<b>7.275,60 €</b>

### PRP2019/29

Vista a solicitude de D. Jesús Manuel López Cernadas, en representación de **TEX45 PRODUCCIÓN S L**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 10 e 11 de xaneiro de 2019, durante todo o día, con motivo da realización do Programa de Televisión “MALO SERÁ” para TVG, tendo un prezo de entradas de: Zona A 10 €; Zona B 8 € e Zona C 6 €, sendo a recadación para o solicitante. Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo comunícaselle que será a cargo do solicitante o gasto bancario ou de correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	2 días	264,70 €	529,40 €
Persoal de Taquilla (2 persoas)	4 horas x 2 = 8 horas	10,20 €	81,60 €
Responsable de Sala	10 Horas (estimativas)	10,20 €	81,60 €
2 Operarios (para carga e descarga, control, etc)	27 horas estimativas (2 operarios/2 días)	10,20	275,40 €
<b>TOTAL</b>			<b>968,00 €</b>

**Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.**

Dar conta ao Departamento de Rendas.





Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 · F 986 501 109  
CIF: P/3606000 B

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.